



I TROFEO CLUB OURENSE ATLETISMO

MEDIDAS ACTUACIÓN ANTI COVID-19

1. ACCESO Á INSTALACIÓN

O acceso a instalación realizarase pola entrada suroeste, situada a altura da saída dos 400 m. da pista de atletismo Josefina Salgado, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización.

Non se permite o acceso de público. Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización.

O uso das bancadas será exclusivo para participantes e delegados ou adestradores acreditados onde deberán gardar a distancia de seguridade.

Permitirase o acceso a fotógrafos e redactores de medios de comunicación debidamente acreditados.

Os/as adestradores/as das/os atletas participantes, poderán solicitar acreditación ata ás 12:00 horas do 09/04/2021 no formulario publicado na web da Federación Galega de Atletismo: atletismo.gal a razón (un adestrador por cada 9 atletas).

Os dorsais serán entregados a un Delegado/a de cada Club.

2. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo Fisicovid – DXT Galego da FGA.

Haberá máscaras e xel hidro-alcohólico no acceso a instalación, na grada, na Secretaría, na Cámara de Chamadas, na Meta, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido.

Haberá produto hixienizante para as colchonetas e os tacos de saída das carreiras.

3. VESTIARIOS

Os vestiarios NON estarán a disposición dos/as atletas.

Poderase facer uso dos servizos.



4. CÁMARA DE CHAMADAS

A Cámara de Chamadas estará situada no exterior da pista ao inicio da primeira curva.

5. ZONA DE QUECEMENTO

Os/as atletas disporán do exterior da pista de atletismo na zona de contrameta para realizar os seus exercicios de quecemento.

O quecemento deberá realizarse de xeito individual e gardando a distancia de seguridade (mínimo 1,5 m.) respecto aos demais atletas.

6. CARREIRAS

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán destruídas e entregarse unha nova chegado o/a atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha nova máscara.

7. CONCURSOS

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na secretaría ata unha hora antes do comezo da proba.

Os/as atletas deberán manter en todo momento unha correcta hixiene de mans.

Os artefactos serán desinfectados.

8. COORDINADOR PROTOCOLO FIDICOID - DXT GALEGO

A organización estará a disposición do Coordinador de Protocolo Físicovid – DXT Galego nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

As indicacións do Coordinador de Protocolo Físicovid – DXT Galego son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.



9. NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FisiCOVID – DXT Galego da Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

10. PLANO DA INSTALACIÓN

Ver anexo.